



CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A FUNDACIÓN MENIÑOS, O CENTRO DE TERAPIA FAMILIAR E INTERVENCIÓN SISTÉMICA E SERVICIOS EDUCATIVOS Y FAMILIARES GRUPOS5, PARA A ELABORACIÓN DUN MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS NOS PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR

A Coruña, a 05 de Febreiro de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, o **Exmo. Sr. D. Xosé Luis Arnesto Barbeito, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña**, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.t) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 10112004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio).

Doutra, **Mónica Permuy López, en calidad de Directora Xeral, en representación da Fundación Meniños**, con sede na Avda. De Cádiz, Nº 5, 2 Izda, A Coruña e CIF G 15551120.

Doutra, **Carmen Martínez Peral ,en calidad de Directora de Servicios Educativos y Familiares Grupo5, en representación de Grupo5** con sede na Rúa Olímpiada 2 28040 Madrid e CIF B79392205.

Doutra, **Margarida Rodrigues Trindade Porto Oneto, Presidente do Centro de Terapia Familiar e Intervención Sistémica**, con sede na Rúa dos Manaias; nº 59 – Ponta Delgada - Portugal e CIF n.º 512 054 452

Todas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigárense neste convenio e, a tal efecto,

As institucións firmantes deste convenio específico, que desenvolve o acordo marco firmado entre elas, comprométense a colaborar na elaboración dun manual de boas prácticas nos Puntos de Encontro Familiar (PEF) entre os anos 2015 e 2016.

O Grupo de Investigación en Psicoloxía do Desenvolvemento e da Aprendizaxe Escolar (GIPDAE) da UDC, a través do profesor Manuel García Fernández, será quen coordinará e dirixirá a organización das actividades.

As actividades realizadas non xenarán gastos adicionais de ningunha clase para as institucións firmantes, nin requiren orzamento específico. Cada parte farase responsable de realizar cos seus propios medios a actividade que asume dentro deste proxecto.



Este proxecto que se inscribe nas actividades de Investigación e Transferencia do Coñecemento do Grupo de Investigación GIPDAE e da propia UDC, resultará útil para os profesionais que desenvolven a súa actividade nos PEF, para a Administración e para os propios usuarios que se beneficiarán das recomendacións derivadas do estudo realizado.

A planificación das actividades realizarase seguindo o establecido a continuación:

PLAN DE TRABALLO

1. O grupo de traballo

Coordina: Manuel García Fernández (profesor titular da Universidade da Coruña).

Estará composto da seguinte forma:

- Tres profesores do Grupo de Investigación en Psicoloxía do Desenvolvemento e Aprendizaxe Escolar (GIPDAE) da universidade da Coruña (Manuel García Fernández, Manuel Peralbo Uzquiano e Juan Carlos Fernández Méndez)
- Dous profesionais vinculados á administración (José Manuel Oreiro e Francisco Blanco)
- 1 convidado dos PEF (Raúl Asegurado)
- Grupo de profesionais vinculados aos PEF xestionados por MENIÑOS/Grupo 5
- Grupo de profesores/ás da Facultade de Dereito da USC
- Grupo de profesionais de Azores

2. Obxectivos

2.1. Xeneral: Elaboración dun Manual de Boas Prácticas

2.2. Específicos:

FASE I:

- 1.- Revisar as experiencias nacionais e internacionais asimilables aos Puntos de Encontro Familiar coa finalidade de determinar as diferentes estruturas e funcións existentes.
- 2.- Establecer un modelo de obxectivos e procesos para os PEF que recolla as mellores prácticas en termos lexislativos e normativos, de organización e de funcionamento.
- 3.- Determinar os indicadores que permiten verificar o cumprimento dos obxectivos asignados ao PEF.
- 4.- Protocolizar os procesos a realizar dentro do PEF.

FASE II:

- 1.- Elaborar unha enquisa dirixida a profesionais dos Puntos de Encontro Familiar dirixida a comprobar a correspondencia entre as súas prácticas reais e as establecidas no modelo de referencia elaborado na FASE I.



- 2.- Determinar a poboación obxecto de estudo e o tipo de mostra necesaria para garantir a súa representatividade.
- 3.- Envío e recollida dos cuestionarios.
- 4.- Codificación e análise dos datos recollidos.
- 5.- Elaboración dun informe final con recomendacións dirixidas á administración, aos profesionais e aos organismos xestores dos PEF.

3. Método

FASE I:

Esta fase desenvolverase en 2 momentos. No primeiro farase unha análise de contido da lexislación, organización e funcións atribuídas aos PEF. No segundo elaborarase, en colaboración cos grupos de interese participantes no proxecto, unha análise DAFO que permita avanzar cara a unha proposta de modelo de boas prácticas. Este modelo de obxectivos, estrutura e funcionamento servirá de base para o inicio da segunda fase.

FASE II:

Esta fase, eminentemente cuantitativa, desenvolverase a través do método de cuestionario, e implicará a realización dunha enquisa de carácter nacional. Os seus resultados servirán para coñecer a situación actual destes servizos no conxunto do estado, os puntos fortes, débiles, as ameazas e oportunidades que destacan en cada comunitade e no Estado no seu conxunto, así como o grao de satisfacción de usuarios e profesionais.

Da análise destes datos e o seu contraste co modelo xeral de boas prácticas elaborado na primeira fase, seguirase a proposta dun manual de boas prácticas que guíe o traballo teórico-práctico destes servizos.

Áreas temáticas:

- . Normativa
- . Organizativa
- . Funcional

En todos os casos, os grupos constituídos prestarán especial atención a:

- . Formación do persoal
- . Información, atención e satisfacción dos usuarios
- . Diferenzas entre comunidades autónomas e/ou países

A constitución dos grupos de análise e discusión realizarase contando co persoal indicado anteriormente. Non obstante, poderanse formar grupos focais puntuais constituídos por: profesionais, técnicos da administración, xestores dos PEF, e usuarios. Estes, a través dunha metodoloxía cualitativa, permitirán obter información detallada sobre fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades en cada unha das áreas e temas indicados.

4. Cronograma:

O cronograma establecerase en coordinación cos diversos grupos de participantes na primeira reunión conxunta. Esta terá lugar durante o mes de xaneiro do 2015.

Nesta reunión aprobaranse as áreas temáticas que serán sometidas a análise durante a fase I e as persoas ou grupos que se ocuparán diso.

Prevese unha duración non inferior a seis meses para esta primeira fase. A segunda realizarase ao longo do curso 2015-16.

Cada fase culminará cun entregable elaborado polas persoas ou grupos asignados a cada área temática. O informe da fase II será realizado fundamentalmente polo grupo da Universidade da Coruña, coas achegas que se decidan en cada momento.

En proba de conformidade, asínase o presente acordo marco en exemplar duplicado no lugar e na data indicados ao comezo

Pola UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Xosé Luis Armesto Barreiro

Pola FUNDACIÓN MENIÑOS



Mónica Permuy López

Por GRUPOS

Carmen Martínez Peral

Polo CENTRO DE TERAPIA FAMILIAR
E INTERVENCIÓN SISTÉMICA,

Margarida Rodrigues Trindade Porto Oneto



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E FUNDACIÓN MENIÑOS

COMPARCEN

Dunha parte, a Universidade da Coruña, (en diante UDC), con CIF Q-6550005-J e domicilio en r/Maestranza nº 9, 15001, A Coruña, España, e no seu nome e representación D. Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, nomeado por Decreto 1/2016 de 8 de xaneiro (DOG 11 de xaneiro de 2016) e actuando en función das competencias que ten asignadas de acordo co artigo 36 dos Estatutos da Universidade de A Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004 de 13 de maio (DOG 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007 de 11 de outubro (DOG nº 198, de 17 de outubro).

Doutra parte, Fundación Meniños, con CIF G-15.551.120 e domicilio en Avda. de Cádiz nº 5, 2º Esq. 15008, A Coruña, España, e no seu nome e representación Dª Mónica Permuy López, Directora Xeral da Fundación Meniños, segundo poder número 2708/06 outorgado ante o Notario da Coruña, D. José Manuel Lois Puente, con enderezo a efectos de notificacións na Coruña, na Avda. de Cádiz nº 5, 2º Esq. C.P. 15008, e C.I.F. G -15.551.120.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir en nome das Entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a UDC é unha entidade que desenvolve actividades de Investigación, Formación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico.

SEGUNDO.- Que para o mellor cumplimento dos seus fins, a Universidade da Coruña poderá articular as súas actividades con outras entidades e manterá relacóns con centros de investigación e institucións culturais e sociais.


TERCEIRO.- Que a Fundación Meniños é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa polos dereitos da infancia e da adolescencia en dificultade social e as súas familias, a través de programas especializados de intervención familiar de carácter psico-socio-educativo e terapéutico con especial dedicación á xeración e a difusión de coñecemento.

CUARTO.- Que ambas entidades están interesadas en establecer unha colaboración para o correcto desenvolvemento das actividades enmarcadas neste convenio, acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente Convenio é regular a colaboración entre a UDC e a Fundación Meniños.



A.- CONDICIÓN S DA COLABORACIÓN

A colaboración consistirá no desenvolvemento de accións de intercambio de experiencias no campo da docencia, da investigación e da asistencia técnica, dentro dos ámbitos de coñecemento nos que ambas entidades teñan intereses manifestos.

De forma enunciativa mais non limitada, dita colaboración suporá a realización das seguintes actividades e proxectos:

- Participación en proxectos e programas de investigación bilaterais e multilaterais.
- Cooperación en programas de formación.
- Asesoramento mutuo en cuestión relativas ás actividades de ambas entidades.
- Organización de actividades académicas como cursos, conferencias, simposios ou seminarios.
- Aquelas outras que se consideren de interese mutuo dentro da dispoñibilidade de ambas entidades.

Para o desenvolvemento destas modalidades de colaboración, poderanse establecer acordos específicos elaborados de común acordo entre ambas institucións, que se incorporarán como anexos ao presente convenio.

TERCEIRA.- DURACIÓN

O presente Convenio entrará en vigor a partir do día seguinte á súa firma, terá unha duración de catro anos e renovarase por escrito.

CUARTA.- CONFIDENCIALIDADE

A UDC e FUNDACIÓN MENIÑOS manterán confidencial calquera información, sempre que non sexa de dominio público, que reciban da outra parte, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente Convenio.

Tanto a información adquirida, como datos e informes obtidos durante a colaboración obxecto do presente Convenio, así como os resultados parciais e/ou finais, terán carácter confidencial.

Tanto en publicacións como en patentes respectarase sempre a mención aos autores do traballo e ás institucións ás que pertencen. En calquera dos casos de difusión farase sempre especial referencia ao presente Convenio.

QUINTA.- PROPIEDADE DOS RESULTADOS

Se como consecuencia do desenvolvemento das investigacións obxecto do presente Convenio, as partes obtivesen en réxime de colaboración algún resultado (produto,





procedemento, técnica, etc.) susceptible de protección por algún dos títulos que o Dereito reconoce, a titularidade dos Dereitos de Propiedad Industrial e Intelectual corresponderá á a UDC e a Fundación Meniños atendendo ás achegas de cada unha das partes en coñecementos e medios.

As partes no prazo máximo de tres (3) meses a partir da súa obtención, se comprometen a subscribir un documento no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade Industrial e Intelectual e as condicións da súa explotación.

En calquera caso ambas entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a colaboración en actividades propias da súa función.

SEXTA.- FINANCIAMENTO E XESTIÓN ECONÓMICA

O presente acordo non debe interpretarse no sentido de crear unha relación legal ou financeira entre as partes.

As dúas entidades, baseándose na xusta reciprocidade, intentarán conseguir os fondos de financiación externos que se utilizarán para apoiar as actividades a realizar no ámbito deste acordo.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

O presente Convenio poderá resolverse por denuncia de calquera das partes mediante preaviso comunicado en forma fehaciente á outra parte polos menos con tres (3) meses de antelación á data de resolución proposta. En caso que existisen traballos en marcha o derecho de denuncia non poderá exercitarse en tanto non se arbitre a fórmula de finalización de devanditos traballos.

OITAVA.- XURISDICCIÓN

As Partes comprométense a resolver de xeito amistoso calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio.

En caso de conflito ambas partes acordan someter a arbitraxe toda controversia, cuestión ou incidencia que entre elas poida xurdir en relación con este acordo.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente documento no lugar e data que se indican a seguir.

En A Coruña, a 29 de Xaneiro de 2018

Pola UDC

D. Julio E. Abalde Alonso
Reitor

Pola FUNDACIÓN MENIÑOS

Dña Mónica Permuy López
Directora Xeral